

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN INFORMATIVA DE TURISMO, ACCIÓN  
COMUNITARIA, IMPULSO RURAL E MEDIO AMBIENTE DO DÍA 24.10.2025

ASISTENTES

PRESIDENTE: D. Javier Tourís Romero

VOGAIS: D. Jorge Cubela López

D<sup>a</sup>. Luisa María Sánchez Méndez

D. Rafael Domínguez Artime

D. Ricardo Martínez Chantada

D. Jesús Vázquez Almuíña

D<sup>a</sup>. María Pilar Ramallo Vázquez

D. Manuel Alejandro Lorenzo Alonso

D. Juan Pablo Castillo Amigo

D<sup>a</sup>. Digna Rosa Rivas Gómez

D. Javier Iglesias Mougán

D. Paco Ferreira González

D. Gregorio Luis Agís Gómez

D<sup>a</sup>. Nuria Rodríguez Rodríguez

D. Gorka Gómez Díaz

D<sup>a</sup>. Beatriz Lomba Rodríguez

D<sup>a</sup>. María Manuela Rodríguez Pumar

Sendo as doce horas e dez minutos do día vinte e catro de outubro do ano dous mil vinte e cinco, reúnense no Pazo Provincial os/as Sres./as. Deputados/as arriba relacionados, en sesión ordinaria, e baixo a Presidencia de D. Javier Tourís Romero. Actúa como secretaria a técnica do Servizo de Medio Ambiente D<sup>a</sup> Ángela García Fontenla.

Aberta a sesión polo Presidente, pásase ao estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, sobre os que recaeron os seguintes ditames:



1. Aprobación da acta da sesión anterior (Expediente 2025062348)

Apróbase a acta da sesión anterior (CSV: PF3CYXORBB7LQZBE), correspondente á sesión ordinaria celebrada o dezanove de setembro do ano dous mil vinte e cinco co voto favorable de todos os membros da Comisión.

2. Dar conta do evento informativo sobre as mostraxes e análises dentro do proxecto 'KIWI-SENS, sistema integral de monitorización de cultivo mediante o uso de tecnoloxías IoT de baixo custo e intelixencia artificial para a mellora da xestión e optimización do kiwi en Galicia", no que participa a Estación Fitopatolóxica Areeiro. (expediente 2024010071)

*"DAR CONTA DO EVENTO INFORMATIVO SOBRE AS MOSTRAXES E ANÁLISES DENTRO DO PROXECTO 'KIWI-SENS, SISTEMA INTEGRAL DE MONITORIZACIÓN DE CULTIVO MEDIANTE O USO DE TECNOLOXÍAS IOT DE BAIXO CUSTO E INTELIXENCIA ARTIFICIAL PARA A MELLORA DA XESTIÓN E OPTIMIZACIÓN DO KIWI EN GALICIA", NO QUE PARTICIPA A ESTACIÓN FITOPATOLÓXICA AREEIRO. EXPEDIENTE 2024010071*

*O Servizo Estación Fitopatolóxica Areeiro, da Deputación de Pontevedra, referente agronómico de diagnóstico e asesoramento de enfermidades e pragas en Galicia, participa dende o 2024 xunto a Kiwi Atlántico, líder do sector do kiwi, no proxecto "KIWI-SENS, sistema integral de monitorización de cultivo mediante o uso de tecnoloxías IoT de baixo custo e intelixencia artificial para a mellora da xestión e optimización do kiwi en Galicia", financiado pola Xunta de Galicia dentro da convocatoria de proxectos innovadores de grupos operativos da AEI en materia de produtividade e sostenibilidade agrícola e forestal da Axencia Galega da Calidade Alimentaria de 2024, e do Feader (Fondo Europeo Agrario de Desenvolvemento Rural).*

*O persoal involucrado reuniuse o día 30 de setembro na Estación Fitopatolóxica para analizar os primeiros resultados obtidas das análises realizadas durante o 2025.*

*Durante a primavera e o verán deste ano desenvóléronse diferentes mostraxes e análises relacionadas co proxecto. Para a detección de *Pseudomonas syringae* pv. *actinidiae* (PSA), realizouse unha mostraxe antes da xerminación, tomando mostras de varetas de kiwi, e outra posterior, cando comezaron a manifestarse os síntomas de PSA en follas e botóns florais. Para determinar a xerminación e viabilidade do pole, recolléronse mostras de flores masculinas, ademais do pole comercial; tamén pistilos recentemente polinizados para determinar a evolución do tubo polínico no interior e a fecundación dos óvulos. O obxectivo é definir as condicións*



*meteorolóxicas óptimas para a polinización e como lle afectan estas á forma, tamaño e parámetros de calidade do froito.*

*Estes primeiros resultados contribuirán a optimizar a xestión agronómica do cultivo de kiwi, obxectivo principal deste proxecto"*

A Comisión Informativa de Turismo, Acción Comunitaria, Impulso Rural e Medio Ambiente queda enterada do estado do expediente referido "ut supra".

3. Dar conta da solicitude de prórroga do plan de sostenibilidade turística en Deza – Tabeirós Terra de Montes "Os Camiños por dentro". (expte.: 2021045415)

|            |                                                                                                                     |
|------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| EXPEDIENTE | 2021045415                                                                                                          |
| ASUNTO     | SOLICITUDE DE PRÓRROGA PLAN DE SOSTENIBILIDAD TURÍSTICA EN DEZA – TABEIRÓS TERRA DE MONTES " Os Camiños por dentro" |
| TRAMITE    | INFORME PROPOSTA DAR CONTA                                                                                          |

*Visto o informe de solicitude de prórroga do PLAN DE SOSTENIBILIDAD TURÍSTICA EN DEZA – TABEIRÓS TERRA DE MONTES "Os Camiños por dentro" emitido pola xefa de Turismo de data 14 de outubro de 2025 con CSV 66YQPIOWD6EFMT4V*

*Aprobada, en base ó informe anterior, a solicitude de prórroga mediante Resolución Presidencial nº 2025008375 do 16 de outubro de 2025 con CSV Q20KXHA2GOJTKM8.*

*Proponse á Comisión Informativa de Turismo*

*Dar conta da solicitude de prórroga ata o 31 de maio de 2026 para a execución deste PSTD e ata o 30 de xuño para a xustificación do "PLAN DE SOSTENIBILIDAD TURÍSTICA EN DEZA – TABEIRÓS TERRA DE MONTES "Los Caminos por dentro"*

*Asinado dixitalmente ao marxe"*

A Comisión Informativa de Turismo, Acción Comunitaria, Impulso Rural e Medio Ambiente queda enterada do estado do expediente referido "ut supra".



#### 4. Rogos e preguntas

Non houbo

E non habendo máis asuntos que tratar, a Presidencia da por finalizada a reunión, sendo as doce horas e quince minutos, do que, como secretaria, dou fe.

Documento asinado dixitalmente

